



## 36101 Indicadores da actividade económico-financeira da comunidade autónoma

### PROXECTO TÉCNICO

#### 1. Obxectivo

Os indicadores da actividade económico-financeira da comunidade autónoma é unha operación estatística de carácter oficial e periodicidade trimestral, que ten como obxectivo amosar a situación e evolución dunha serie de indicadores de síntese das operacións económico-financeiras realizadas pola Administración autonómica durante un período de tempo determinado.

Esta operación estatística, elaborada polo Servizo de Estudos e Estatísticas da Consellería de Facenda, trata de facilitar o análise dos orzamentos iniciais, vixentes e da súa execución a través da información facilitada polos grandes saldos e magnitudes relacionadas na súa conformación, como o aforro corrente ou orzamentario, o resultado non financeiro, a capacidade ou necesidade de endebedamento, etc.

#### 2. Xustificación

Recollida na Lei do Plan galego de estatística 2007-2011 e nos programas anuais que o desenvolven, esta operación estatística trata de responder ao principio de transparencia fixado na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Os principais **indicadores orzamentarios** correspóndense coas principais magnitudes da conta financeira que acompaña os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, existe unha correspondencia entre estes indicadores e as principais magnitudes orzamentarias utilizadas polo "Ministerio de Economía y Hacienda" na presentación dos datos orzamentarios das comunidades autónomas.

En canto aos principais **indicadores de contabilidade de caixa**, elabóranse tomando como referencia a publicación "*Principales indicadores de la actividad económica y financiera del Estado*" elaborada pola "Intervención General de la Administración del Estado (IGAE)" con periodicidade mensual.

#### 3. Marco normativo

Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, e polo tanto esta publicación, enmárcanse dende o punto de vista normativo no establecido na Constitución española, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas, na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e leis anuais de orzamentos xerais.

Así, o título VIII da **Constitución** recoñece e garante ás comunidades autónomas o exercicio da autonomía na xestión dos seus intereses, particularmente, no ámbito financeiro. Esta autonomía financeira supón, entre outros aspectos, a capacidade por parte das comunidades autónomas de regular a través de normativa propia as súas particularidades orzamentarias. Neste marco, as comunidades autónomas teñen competencias exclusivas para a elaboración e aprobación dos seus orzamentos.

O artigo 53.1 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, polo que se aproba o **Estatuto de Autonomía de Galicia** establece "*correspóndelle á Xunta ou Goberno a elaboración e aplicación do orzamento da Comunidade Autónoma galega, e ó Parlamento o seu exame, emenda, aprobación e control. O orzamento será único e incluírá a totalidade dos gastos e ingresos da Comunidade Autónoma galega e dos organismos, institucións e empresas dela dependentes.*"

Esta facultade, recoñecida nos distintos Estatutos de Autonomía, enúnciase no artigo 17 da **Lei orgánica de Financiamento das Comunidades Autónomas (LOFCA)** no que se sinala que "*As Comunidades Autónomas regularán polos seus órganos competentes, acorde cos seus Estatutos, as seguintes materias: a) a elaboración, exame, aprobación e control dos seus orzamentos....*".

Esta actividade desenvólvese atendendo ao principio constitucional de coordinación coa Facenda do Estado recollido no artigo 156.1 da Constitución segundo o cal "*As Comunidades Autónomas gozarán de autonomía financeira para o desenvolvemento e execución das súas competencias con arranxo aos principios de coordinación coa Facenda estatal e de solidariedade entre todos os españois*". Neste sentido encoméndase ao Consello de Política Fiscal e Financeira, órgano creado para tal fin, atender á "*coordinación da política orzamentaria das Comunidades Autónomas coa do Estado*" (art.3.2 LOFCA).

Na aplicación práctica deste principio de coordinación, o artigo 21.3 da LOFCA dispón que "*os orzamentos das Comunidades Autónomas serán elaborados con criterios homoxéneos de forma que sexa posible a súa consolidación cos Orzamentos Xerais do Estado*". Este artigo enuncia determinados principios orzamentarios aplicables tamén aos orzamentos das comunidades autónomas, como son o principio de universalidade, de unidade, de anualidade e de suxeición do orzamento ao principio de estabilidade orzamentaria.

A regulación do réxime orzamentario das comunidades autónomas complétase coas leis xerais de facenda ou finanzas de cada comunidade -no caso de Galicia, pola **Lei do Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia** aprobado polo Decreto legislativo 1/1999 - e coas leis anuais de Orzamentos Xerais aprobadas polos seus Parlamentos.

O artigo 48 da Lei de Réxime financeiro e orzamentario establece os elementos integrantes dos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. A Lei 3/2009, do 23 de xuño, modifica o citado artigo para obter a desagregación que permita realizar os axustes aos conceptos determinados no Sistema Europeo de Contas (SEC-95), sistema de contabilidade nacional que constitúe o marco de referencia comparable a nivel internacional.

Así, os orzamentos xerais da Comunidade estarán integrados por:

- a) Orzamento da **Comunidade**.
- b) Orzamentos dos **organismos autónomos**.
- c) Orzamentos das **axencias públicas autonómicas**.
- d) Orzamentos de explotación e de capital das **sociedades mercantís** ás que fai referencia o artigo 12 da citada lei, e as que determine o SEC-95 para integrarse no sector da administración pública autonómica.
- e) Orzamentos dos **entes públicos** (artigo 12).
- f) Orzamentos de explotación e de capital das **fundacións** (SEC-95).
- g) Orzamentos dos **consorcios** (SEC-95).
- h) Orzamentos das **demais entidades** (SEC-95, salvo as universidades).


Ao mesmo tempo, o artigo 109 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia sinala que “a administración da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos e as sociedades públicas de Galicia queda sometida ao réxime de contabilidade pública”, réxime establecido pola Orde do 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o **Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia**.

Seguindo o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia e no marco da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, anualmente elabóranse os orzamentos xerais de Galicia con rango de lei. Nas **leis de orzamentos xerais de Galicia** distínguense en xeral dous compoñentes diferenciados:

- a) Texto articulado: onde aparecen recollidas as previsións de ingresos, as autorizacións de gastos e unha serie de normas que constitúen o marco xurídico que disciplina a actividade económico-financiera da Comunidade Autónoma para o exercicio orzamentario.
- b) Estados numéricos.

O esquema do contido da Lei de orzamentos amósase a continuación:

**Cadro 1:** contido da Lei de orzamentos



#### 4. Ámbito de investigación

##### Información de base

A información de base procede dos datos rexistrados Sistema de Contabilidade da Xunta de Galicia<sup>1</sup> (XUMCO2<sup>2</sup>), que integra a contabilidade financeira rexida polo Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia<sup>3</sup> e a contabilidade orzamentaria que sigue as instrucións das Leis de Orzamentos Xerais de Galicia.

O organismo que facilita a información é a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma que, como centro directivo da contabilidade pública, é o organismo encargado da concesión de autorizacións para o uso e explotación dos datos do sistema de información contable.

1 Orde do 1 de decembro de 1989 pola que se implanta un novo sistema de información contable na Administración da Xunta de Galicia.

2 Xestión unificada e mecanizada da contabilidade: sistema de información orzamentaria, contable e de tesouraría da Xunta de Galicia e dos seus organismos autónomos

3 Orde do 28 de novembro de 2001 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

O Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económica-financeira e Contable (CIXTEC) é o organismo encargado do mantemento do Sistema de Contabilidade da Xunta de Galicia (XUMCO2).

### **Ámbito de estudo**

Na análise dos orzamentos comprendese mencionar que as peculiaridades propias dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos e das sociedades públicas, determinan unha estrutura orzamentaria distinta da existente para a Administración Xeral e Organismos Autónomos administrativos. Ver anexo 6.

Os organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos e demais entes con orzamento de gastos limitativo, están obrigados a presentar un pormenor de ingresos e gastos, integrado pola conta de explotación e o cadro de financiamento básico, xunto coa conta resumo de operacións comerciais e o estado demostrativo da variación do fondo de manobra.

As sociedades deberán presentar un orzamento de explotación e de capital, así como o cadro de financiamento, balance de situación e unha conta de perdas e ganancias. Ademais, no caso de realizaren investimentos en infraestruturas públicas aportarán a descrición deles, así como, no seu caso, indicación das plurianualidades nas que se desenvolverán os respectivos proxectos e as súas fontes de financiamento.

Dadas as características da información dispoñible, o ámbito de estudo establécese nun primeiro momento na Administración Xeral da Xunta de Galicia e ou seus Organismos Autónomos, ámbolos dous integrados no sistema XUMCO2 a partir de 2002 tal e como se recolle na Orde do 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

A información referente aos orzamentos das axencias públicas autonómicas, sociedades mercantís, entes públicos, fundacións, consorcios e demais entidades aínda non está integrada informáticamente co resto de orzamentos da Comunidade Autónoma e Organismos Autónomos a través do Sistema XUMCO2, aínda que na actualidade estase a traballar no desenvolvemento dunha aplicación que permita rexistrar dita información.

### **Unidades de información**

As unidades de información empregadas son os estados de gastos e ingresos, estruturados acorde coas clasificacións definidas nas instrucións anuais de elaboración dos orzamentos.

Así os gastos adoptan unha tripla clasificación:

- a) Funcional por programas, que permite coñecer o destino ou finalidade do gasto. Ver anexo 1.
- b) Orgánica, que identifica ao órgano xestor que asume a realización do gasto, o que permite coñecer quen é o órgano responsable de executar unha determinada función ou actividade e cal é a dotación económica que se lle asigna. Ver anexo 2.
- c) Económica, que informa sobre a concreción do gasto segundo a súa natureza económica, acorde á estrutura por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos. Ver anexo 3.

Os ingresos presentan unha clasificación máis sinxela xa que, de conformidade co artigo 49 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, se presentan unicamente a través da clasificación económica. Ver anexo 4.

## 5. Variables analizadas

As variables analizadas clasifícanse en:

### **Orzamento inicial**

Trátase da previsión inicial de ingresos e autorización de gastos que se prevén acometer durante o exercicio económico recollidos no orzamento aprobado polo Parlamento de Galicia.

### **Orzamento vixente**

O orzamento vixente inclúe as modificacións do orzamento inicial, e obtense mediante á incorporación ao orzamento inicial das modificacións positivas ou negativas acontecidas no mesmo.

### **Orzamento executado**

O estudo da execución do orzamento abórdase dende dúas perspectivas:

#### ***a) Perspectiva orzamentaria***

Nesta perspectiva a liquidación do orzamento ven determinado por dúas variables básicas:

- Dereitos recoñecidos netos: recursos recoñecidos no exercicio esixibles a favor da Xunta de Galicia e dos seus Organismos autónomos, unha vez deducidas as anulacións e devolucións practicadas. Este importe debe minorarse no valor da seguinte variable:

Baixas por insolvencia e outras causas: créditos dados de baixa ou anulacións practicadas por insolvencias, prescrición, recadación en especie e outras causas.

- Obrigas recoñecidas netas: fase da contabilidade orzamentaria que reflicte, descontadas as obrigas canceladas ou anuladas, as operacións ou débedas que supoñen pasivos para a parte debedora que proveñen de transaccións, acordos ou acontecementos en virtude dos que a entidade se comprometeu a realizar, ó vencemento da mesma, unha prestación avaliada economicamente.

O recoñecemento dun gasto ou dun ingreso ten que realizarse imputándose ao correspondente orzamento, simultaneamente ao momento en que se rexistren as variacións de activos ou obrigacións que orixinan, polo que non ten por que coincidir co momento no que se produce o gasto ou o ingreso.

A diferenza da recadación, os dereitos recoñecidos exclúen os ingresos de exercicios pechados e inclúen os dereitos do exercicio pendentes de cobro.

#### ***b) Perspectiva da contabilidade de caixa***

A liquidación do orzamento dende a perspectiva da contabilidade de caixa analízase a través das seguintes variables:

- Recadación líquida exercicio corrente: medida de natureza contable que recolle a diferenza entre a recadación bruta aplicada e as devolucións, entendendo por recadación a realización dos dereitos que constitúen o haber da Xunta de Galicia e dos seus organismos autónomos. Neste proceso a tesouraría da comunidade fai líquido e ingresa nas súas caixas un determinado importe.
- Recadación de exercicios anteriores: realización de dereitos recoñecidos en exercicios anteriores.

- Outros ingresos: recolle os acredores extraorxamentarios, ingresos pendentes de aplicación, recursos doutros entes públicos<sup>4</sup> e o saldo doutras partidas pendentes de relación.
- Pagamentos realizados exercicio corrente: recolle a extinción das obrigas a través da ordenación do pago, que é a operación en virtude da cal o persoal competente, logo de proposta de pagamento realizada por quen recoñeceu a existencia da obriga, expide a orde de pagamento contra a Tesouraría da comunidade a favor do respectivo acredor. Os pagamentos poden ser de obrigas recoñecidas no exercicio corrente ou en anteriores.
- Outros pagamentos: recolle os debedores extraorxamentarios, pagos pendentes de aplicación, recursos outros entes, movementos internos de tesouraría e o saldo doutras partidas pendentes de relación.

## 6. Procedemento de cálculo

O sistema XUMCO2 baséase nunha base de datos SQL Server que incorpora linguaxe de programación de cuarta xeración Lion (Delphi), cuxa principal característica é que é un centro de información único (base de datos única), mantendo a integridade da información e coherencia nos distintos niveis de agregación, baseada en regras homoxéneas tanto para xestores como interventores. Por outra banda a xestión da mesma é descentralizada, posto que a pre-contabilización, rexistro e contabilización de documentos contables, e o ordenamento e pagamento está vinculado as caixas de cada entidade.

O acceso á información sobre a execución do orzamento realízase a través do denominado Cliente CIXTEC, aplicación encargada da autenticación mediante certificado dixital do usuario ou contrasinal e proporcionar acceso a distintas aplicacións en función do tipo de usuario, soporte de intercambio de datos co equipo central e de xestión de impresión, de informes e de arquivos.

Obtido o acceso a base de datos multidimensional da execución do orzamento de ingresos e gastos, os datos abórdanse dende un enfoque económico, co que se pretende evitar a complexidade dos rexistros da contabilidade pública, agregando a información en categorías facilmente identificables, e construíndo indicadores que resuman os datos máis relevantes e a súa evolución.

### Indicadores orzamentarios

Trimestralmente calcúlase o importe acumulado, tanto para as variables do orzamento inicial, vixente e executado en termos orzamentarios, correspondente aos seguintes valores:

---

<sup>4</sup> Agrupación que recolle os ingresos por taxas de organismos autónomos que son recadados pola Administración xeral e que ata a aprobación da Orde do 1 de febreiro de 1999 eran contabilizados en conceptos extraorxamentarios.

**Cadro 2:** principais operacións de saldos orzamentarios

Operación	Variable	Descrición
1	Ingresos correntes:	Suma de ingresos correntes que se corresponden cos capítulos 1-5 da clasificación económica do orzamento de ingresos.
2	Gastos correntes:	Suma de gastos correntes que se corresponden cos capítulos 1-5 da clasificación económica do orzamento de gastos.
3=1-2	Aforro ou desaforro orzamentario:	Calculado por diferenza entre os ingresos e gastos correntes.
4	Ingresos de capital:	Suma de ingresos por operacións de capital que se corresponden cos capítulos 6-7 da clasificación económica do orzamento de ingresos.
5	Gastos de capital:	Suma de gastos por operacións de capital que se corresponden cos capítulos 6-7 da clasificación económica do orzamento de gastos.
6=4-5	Saldo de operacións de capital:	Calculado por diferenza entre os ingresos e gastos de capital.
7=1+4	Ingresos non financeiros:	Calculado como suma dos ingresos correntes e de capital.
8=2+5	Gastos non financeiros:	Calculado como suma dos gastos correntes e de capital.
9=7-8	Resultado non financeiro:	Obtido agregando á cifra de aforro a diferenza entre os ingresos e gastos procedentes de operacións de capital ou como diferenza entre os ingresos e gastos non financeiros.

**Cadro 3:** principais indicadores orzamentarios

Número	Indicadores orzamentarios	Descrición
1	Resultado non financeiro en porcentaxe do PIB	Ratio ente o resultado non financeiro e o produto interior bruto da economía galega (datos brutos a prezos correntes)
2	Execución do orzamento sobre inicial	Ingresos: dereitos recoñecidos netos / orzamento inicial de ingresos Gastos: obrigas recoñecidas netas / orzamento inicial de gastos
3	Execución do orzamento sobre vixente	Ingresos: dereitos recoñecidos netos / orzamento vixente de ingresos Gastos: obrigas recoñecidas netas / orzamento vixente de gastos
4	Modificacións orzamentarias	Orzamento vixente / orzamento inicial
5	Índice de rixidez dos gastos	Obrigas recoñecidas netas no capítulo I do orzamentos de gastos (gastos de persoal) + III (gastos financeiros) / obrigas recoñecidas netas nos capítulos I - V do orzamento de gastos (gastos correntes)
6	Índice de financiamento dos investimentos	Dereitos recoñecidos netos por operacións de capital (capítulos VI e VII do orzamento de ingresos) / obrigas recoñecidas netas por operacións de capital (capítulos VI e VII do orzamentos de gastos)
7	Índice de esforzo investidor	Obrigas recoñecidas netas por operacións de capital (capítulos VI e VII do orzamentos de gastos)/ obrigas recoñecidas netas (capítulos I - IX do orzamento de gastos)
8	Índice de autonomía fiscal	Dereitos recoñecidos netos por impostos directos, impostos indirectos, taxas, prezos e outros ingresos (capítulos I - III do orzamento de ingresos) / dereitos recoñecidos netos (capítulos I - IX do orzamento de ingresos)

**Indicadores de contabilidade de caixa**

Trimestralmente calcúlase o importe acumulado, tanto para as variables do orzamento inicial, vixente e executado en termos da contabilidade de caixa, correspondente aos seguintes valores:

**Cadro 4:** principais operacións de saldos de contabilidade de caixa

Operación	Variable	Descrición
1	Ingresos non financeiros:	Calculado como suma dos ingresos correntes, de capital, ingresos de orzamentos pechados e outros ingresos extraorxamentarios
2	Gastos non financeiros:	Calculado como suma dos gastos correntes, de capital, pagos de orzamentos pechados e outros pagos extraorxamentarios
3=1-2	Déficit (-) ou superávit (+) de caixa non financeiro:	Obtido por diferenza entre os cobramentos non financeiros e os pagamentos non financeiros. Reflicte se a entrada de efectivo por operacións de carácter non financeiro é superior ou inferior á saída.
4	Ingresos activos financeiros:	Obtido como suma do capítulo 8 do orzamentos de ingresos
5	Pagos activos financeiros:	obtido como suma do capítulo 8 do orzamentos de gastos
6	Variación existencias de tesouraría:	Obtido como diferenza entre as existencias de tesouraría dispoñibles ao final do período e das que se partía ao comezo do mesmo
7=4-5+6	Saldo de activos financeiros:	Obtido por diferenza entre os ingresos e pagos orixinados por activos financeiros mais a variación de existencias de tesouraría
8=3+7	Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento:	Obtido ao lle agregar ao déficit ou superávit de caixa non financeiro o saldo de activos financeiros. Reflicte a capacidade que ten a administración de autofinanciarse. Así, se o saldo é positivo significa que o financiamento cubriu todos os pagamentos, mentres que se é negativo precisase recorrer ao incremento do financiamento alleo para cubrir o déficit (saldo de pasivos financeiros positiva).
9	Ingresos pasivos financeiros:	Obtido como suma do capítulo 9 do orzamentos de ingresos
10	Pagos pasivos financeiros:	Obtido como suma do capítulo 9 do orzamentos de gastos
11=9-10=-8	Saldo de pasivos financeiros:	Obtido por diferenza entre os ingresos e pagos orixinados por pasivos financeiros

**Cadro 5:** principais indicadores de contabilidade de caixa

Número	Indicadores orxamentarios	Descrición
9	Déficit (-) ou superávit (+) de caixa non financeiro en porcentaxe do PIB	Ratio ente o déficit (-) ou superávit (+) de caixa non financeiro e o produto interior bruto da economía galega (datos brutos a prezos correntes)
10	Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento en porcentaxe do PIB	Ratio ente a capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento e o produto interior bruto da economía galega (datos brutos a prezos correntes)
11	Realización de cobramentos	Recadación líquida / dereitos recoñecidos netos
12	Realización de pagamentos	Pagos realizados / obrigas recoñecidas netas
13	Índice de recadación tributaria	Recadación líquida por impostos directos, impostos indirectos, taxas, prezos e outros ingresos (Capítulos I - III do orzamento de ingresos) / orzamento inicial de impostos directos, impostos indirectos, taxas, prezos e outros ingresos (Capítulos I - III do orzamento de ingresos)
14	Índice de tesouraría	(Recadación líquida (Capítulos I - IX do orzamento de ingresos) - Pagamentos realizados (Capítulos I - IX do orzamento de gastos)) / obrigas recoñecidas netas (Capítulos I - IX do orzamento de gastos)
15	Índice de eficacia xestión recadatoria	Recadación líquida por impostos directos, impostos indirectos, taxas, prezos e outros ingresos (Capítulos I - III do orzamento de ingresos) / Dereitos recoñecidos netos por impostos directos, impostos indirectos, taxas, prezos e outros ingresos (Capítulos I - III do orzamento de ingresos)
16	Índice de autonomía fiscal	Recadación líquida por impostos directos, impostos indirectos, taxas, prezos e outros ingresos (Capítulos I - III do orzamento de ingresos) / Recadación líquida (Capítulos I - IX do orzamento de ingresos)

Toda a información complétase cos datos do mesmo período do ano anterior e o cálculo das taxas de variación interanuais que facilitan a análise temporal.



## 7. Difusión dos resultados

Trimestralmente elabórase os resultados da Administración xeral da Xunta de Galicia. Na información referente ao cuarto trimestre do ano, coincidindo coa publicación da liquidación anual, engádesse información do orzamento consolidado da Administración xeral da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos. Ver anexo 5.

Coa consolidación dos resultados trátase de suprimir as duplicidades que se derivan das transferencias internas realizadas entre a Administración xeral e os organismos autónomos para ofrecer a verdadeira dimensión dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Coa elaboración da conta consolidada á que se refire a Lei de réxime financeiro e orzamentario evítase a distorsión que produciría a simple agregación dos estados de gastos e ingresos de ambos subsectores, xa que a maior parte do financiamento dos organismos autónomos procede de recursos transferidos dende a Administración xeral, onde xa foi computado a súa vez como ingreso.

A consolidación orzamentaria entre a Administración xeral e os seus organismos autónomos proporciona unha visión bastante próxima á realidade da actividade económico-financiera da Comunidade autónoma, que nembargante non esgota as súas posibilidades de actuación xa que tamén desenvolve a súa actividade, por exemplo, a través do sector público empresarial, particularmente activo na realización de investimentos, presente unicamente nos orzamentos consolidados de forma moi parcial, a través das transferencias que se autorizan ao seu favor.

A difusión dos resultados realízase co periodicidade trimestral de acordo co calendario previsto no Programa Estatístico Anual, en formato electrónico a través da Web da Consellería de Facenda<sup>5</sup>. A difusión trimestral dos resultados máis importantes realízase seguindo a seguinte estrutura:

- a) Indicadores orzamentarios. Administración xeral
  - a.1. Resumo de saldos
  - a.2. Indicadores orzamentarios. Resultado non financeiro en porcentaxe do PIB
  - a.3. Orzamento de ingresos
  - a.4. Orzamento de Gastos
  - a.5. Porcentaxe de execución de ingresos e modificacións orzamentarias
  - a.6. Porcentaxe de execución de gastos e modificacións orzamentarias
  - a.7. Indicadores orzamentarios. Rixidez de gastos, financiamento das inversións, esforzo inversor e autonomía fiscal
- b) Indicadores de Contabilidade de caixa. Administración xeral
  - b.1. Resumo de saldos
  - b.2. Indicadores de contabilidade de caixa . Déficit (-) ou superávit (+) de caixa non financeiro e Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento en porcentaxe do PIB
  - b.3. Cobramentos
  - b.4. Pagamentos
  - b.5. Realización de cobramentos
  - b.6. Realización de pagamentos
  - b.7. Indicadores de contabilidade de caixa. Recadación tributaria, tesouraría, eficacia na xestión recadatoria e autonomía fiscal

---

<sup>5</sup> <http://www.economiaefacenda.org/web/portal/indicadores-actividade>

Coincidindo coa publicación do último trimestre do ano, engádesse información do orzamento consolidado entre a Administración xeral da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos:

- c) Indicadores orzamentarios. Orzamento consolidado. Administración xeral e organismos autónomos
  - c.1. Resumo de saldos
  - c.2. Indicadores orzamentarios. Resultado non financeiro en porcentaxe do PIB
  - c.3. Orzamento de ingresos
  - c.4. Orzamento de Gastos
  - c.5. Porcentaxe de execución de ingresos e modificacións orzamentarias
  - c.6. Porcentaxe de execución de gastos e modificacións orzamentarias
  - c.7. Indicadores orzamentarios. Rixidez de gastos, financiamento das inversións, esforzo inversor e autonomía fiscal

## Anexo 1: Orzamento de Gastos. Clasificación funcional (Orzamentos 2010)

<b>GRUPO I: ACTUACIÓN DE CARÁCTER XERAL</b>	
1.1	Alta dirección da comunidade autónoma
1.1.1	Alta dirección da comunidade autónoma
	111A Presidencia da Xunta de Galicia
	111B Actividade lexislativa
	111C Control externo do sector público
	111D Alto asesoramento da Comunidade Autónoma de Galicia
	111E Relacións exteriores
1.2	Administración xeral
1.2.1	Xestión da Administración xeral
	121A Dirección e servizos xerais de Administración xeral
	121B Asesoramento e defensa dos intereses da comunidade autónoma
1.2.2	Modernización e calidade da Administración autónoma
	122A Avaliación e calidade da Administración pública
	122B Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da comunidade autónoma
1.2.3	Acción social en favor do persoal da Administración
	123A Acción social en favor do persoal da Administración
1.3	Xustiza
1.3.1	Xustiza
	131A Dirección e servizos xerais de xustiza
	131B Persoal ao servizo da Administración de xustiza
1.4	Administración local
1.4.1	Administración local
	141A Dirección e servizos xerais de Administración local
1.5	Normalización lingüística
1.5.1	Fomento da lingua galega
	151A Fomento da lingua galega
1.6	Procesos electorais e órganos de representación política
1.6.1	Eleccións e partidos políticos
	161A Eleccións e partidos políticos
	161B Institucións democráticas
<b>GRUPO II: PROTECCIÓN CIVIL E SEGURANZA CIDADÁ</b>	
2.1	Protección civil e seguranza
2.1.1	Xestión e administración de protección civil e seguranza da comunidade autónoma
	211A Dirección e servizos xerais de protección civil e seguranza
2.1.2	Protección civil
	212A Protección civil
2.1.3	Seguranza da comunidade autónoma
	213A Seguranza da comunidade autónoma
	213B Seguranza viaria
<b>GRUPO III: PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL</b>	
3.1	Acción social, e promoción social
3.1.1	Xestión e administración de servizos sociais de promoción social
	311A Dirección e servizos xerais de promoción social
3.1.2	Acción social e integración social
	312A Pensións e prestacións asistenciais
	312B Servizos sociais de prestacións ás familias e á infancia
	312C Servizos sociais relativos ás migracións
	312D Servizos sociais de atención ás persoas dependentes
	312E Servizos sociais de atención ás persoas con discapacidade
	312F Programas de solidariedade
	312G Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social
3.1.3	Promoción social
	313A Servizos á xuventude
	313B Accións para a igualdade, protección e promoción da muller
	313C Outros servizos sociais de promoción social
	313D Accións para a protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero
3.2	Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo
3.2.1	Xestión e servizos xerais de emprego
	321A Dirección e servizos xerais de emprego
3.2.2	Emprego estable e de calidade
	322A Mellora e fomento da empregabilidade
	322B Intermediación e inserción laboral
	322C Integración laboral de colectivos desfavorecidos e en risco de exclusión
3.2.3	Formación para o emprego
	323A Formación profesional desempregados
	323B Mellora da cualificación no emprego
3.2.4	Institucións do mercado de traballo, riscos laborais e economía social
	324A Mellora da organización e administración das relacións laborais e da economía social
	324B Mellora dos sistemas de saúde e seguranza no traballo
3.3	Cooperación exterior e ao desenvolvemento
3.3.1	Cooperación exterior e ao desenvolvemento
	331A Cooperación exterior e ao desenvolvemento
4.1	Sanidade
4.1.1	Administración xeral
	411A Dirección e servizos xerais de sanidade
4.1.2	Asistencia sanitaria
	412A Atención especializada
	412B Atención primaria
4.1.3	Protección e promoción da saúde
	413A Protección e promoción da saúde pública
4.1.4	Formación e calidade do persoal
	414A Formación de graduados e posgraduados
<b>GRUPO IV: PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	
4.2	Educación
4.2.1	Administración xeral
	421A Dirección e servizos xerais de educación
4.2.2	Ensino e formación
	422A Educación infantil, primaria e ESO
	422C Ensino universitario
	422D Educación especial
	422E Ensinanzas artísticas
	422G Ensinanzas especiais
	422H Outras ensinanzas
	422I Formación e perfeccionamento do profesorado
	422K Ensinanzas pesqueiras
	422L Capacitación e extensión agroforestal
	422M Ensinanza secundaria e formación profesional
4.2.3	Promoción educativa
	423A Servizos e axudas complementarias das ensinanzas
	423B Prevención do abandono escolar
4.3	Cultura
4.3.1	Administración xeral
	431A Dirección e servizos xerais de cultura
4.3.2	Creación, promoción e difusión cultural e infraestruturas
	432A Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais
	432B Fomento das actividades culturais
	432C Fomento do audiovisual
	432D Publicacións culturais
4.3.3	Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural

4.4 Deportes	433A Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural
4.4.1 Promoción da actividade deportiva	441A Promoción da actividade deportiva
4.5 Vivenda	
4.5.1 Acceso e calidade da vivenda	
451A Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda	
451B Acceso á vivenda	
451C Dirección e servizos xerais de vivenda e solo	
4.6 Outros servizos comunitarios e sociais	
4.6.1 Comunicación social	
461A Cobertura informativa e apoio á comunicación social	
461B Radiodifusión e TVG	
<b>GRUPO V: PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER ECONÓMICO</b>	
5.1 Infraestruturas	
5.1.1 Administración xeral	
511A Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas	
5.1.2 Infraestruturas do transporte	
512A Ordenación e inspección do transporte	
512B Construción, conservación e explotación de estradas	
5.1.3 Portos	513A Construción, conservación e explotación portuaria
5.1.4 Infraestruturas pesqueiras	
514A Infraestruturas pesqueiras	
5.1.5 Outras infraestruturas	
515A Outras infraestruturas	
5.2 Ordenación do territorio	
5.2.1 Urbanismo e ordenación do territorio	521A Urbanismo
5.3 Promoción de solo para actividades económicas	
5.3.1 Promoción de solo para actividades económicas	
531A Promoción de solo para actividades económicas	
5.4 Actuacións ambientais	
5.4.1 Ambiente	
541A Dirección e servizos xerais de ambiente	
541B Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural	
541C Protección e mellora do medio natural marítimo	
541D Control ambiental e xestión de residuos	
541E Coñecemento do ambiente e fomento da sustentabilidade	
5.4.2 Ciclo da auga	
542A Planificación e xestión hidrolóxica	
542B Infraestruturas e xestión de abastecemento e saneamento	
5.5 Actuacións e valorización do medio rural	
5.5.1 Infraestruturas, equipamento e prevención	
551A Infraestruturas e equipamentos no medio rural	
551B Accións preventivas e infraestrutura forestal	
5.6 Investigación, desenvolvemento e innovación	
5.6.1 Investigación, desenvolvemento e innovación	
561A Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	
561B Investigación universitaria	
561C Investigación sanitaria	
5.7 Sociedade da información e do coñecemento	
5.7.1 Fomento da sociedade da información e do coñecemento	
571A Fomento da sociedade da información e do coñecemento	
5.7.2 Desenvolvemento infraestrutural e empresarial da sociedade da información e do coñecemento	
572A Desenvolvemento infraestrutural e empresarial da sociedade da información e do coñecemento	
5.8 Información estatística básica	5.8.1 Soportes estatísticos
581A Elaboración e difusión estatística	
<b>GRUPO VI: REGULACIÓN ECONÓMICA DE CARÁCTER XERAL</b>	
6.1 Actuacións económicas xerais	
6.1.1 Administración xeral	
611A Dirección e servizos xerais de facenda	
611B Formación do persoal de facenda	
6.1.2 Regulación económica xeral	
612A Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica.	
6.1.3 Defensa da competencia	
613A Defensa da competencia	
613B Ordenación, información e defensa do consumidor	
6.2 Actividades financeiras	
6.2.1 Administración financeira	
621A Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	
621B Imprevistos e funcións non clasificadas	
<b>GRUPO VII: REGULACIÓN ECONÓMICA DE SECTORES PRODUTIVOS E DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL</b>	
7.1 Dinamización económica do medio rural	
7.1.1 Administración xeral	
711A Dirección e servizos xerais do medio rural	
7.1.2 Desenvolvemento rural	
712A Fixación de poboación no medio rural	
712B Modernización e diversificación do tecido produtivo rural	
712C Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria	
7.1.3 Reforma das estruturas agrarias	
713A Mobilidade de terras agrarias improdutivas	
713B Ordenación das producións forestais	
713C Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables	
713D Mellora da calidade na produción agroalimentaria	
713E Benestar animal e sanidade vexetal	
713F Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores	
7.2 Pesca	
7.2.1 Administración xeral	
721A Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras	
7.2.2 Desenvolvemento da pesca	722A Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira
7.2.3 Modernización e transformación das estruturas pesqueiras	
723A Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura	
723B Regulación das producións e dos mercados da pesca	
7.3 Industria, enerxía e minaría	
7.3.1 Administración xeral	

	731A Dirección e servizos xerais de industria
	7.3.2 Soporte da actividade industrial
	732A Regulación e soporte da actividade industrial
	7.3.3 Planificación e produción enerxética
	733A Eficiencia enerxética e enerxías renovables
	733B Infraestruturas enerxéticas
	7.3.4 Fomento da minaría
	734A Fomento da minaría
	7.4 Desenvolvemento empresarial
	7.4.1 Desenvolvemento empresarial
empresarial	741A Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade
	741B Fomento do investimento en capital humano
	741C Acción exterior, captación e investimentos estratéxicos
	741E Apoio á pequena e mediana empresa
	741F Apoio á artesanía
	7.5 Comercio
	7.5.1 Comercio
	751A Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia
	7.6 Turismo
	7.6.1 Turismo
	761A Coordinación e promoción do turismo
GRUPO VIII: TRANSFERENCIAS A ENTIDADES LOCAIS	
	8.1 Transferencias a entidades locais
	8.1.1 Transferencias a entidades locais
	811A Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado
	811B Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos da comunidade autónoma
	811C Outros soportes financeiros ás entidades locais
GRUPO IX: DÉBEDA PÚBLICA	
	9.1 Débeda pública
	9.1.1 Débeda interior e exterior
	911A Amortización e gastos financeiros da débeda pública

## Anexo 2: Orzamento de Gastos. Clasificación orgánica

